

EXTRACTO DOS ACORDOS ADOPTADOS POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL NA SESIÓN CELEBRADA O DÍA 16 DE XULLO DE 2025

A Xunta de Goberno Local celebra sesión ordinaria, en primeira convocatoria, o día dezaseis de xullo de 2025, baixo a presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, D. MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ, e coa asistencia dos ilustrísimos e ilustrísimas señores e señoras concelleiros e concelleiras: D.^a ANA MARÍA GONZÁLEZ ABELLEIRA, D. RUBÉN ARROXO FERNÁNDEZ, D.^a TAREIXA ANTÍA FERREIRO TALLÓN, D.^a MARÍA CRISTINA LÓPEZ FERNÁNDEZ e D.^a OLGA LÓPEZ RACAMONDE. Actúa como secretario o concelleiro secretario da Xunta de Goberno Local, don Rubén Arroxo Fernández, e asisten á sesión a secretaia xeral do Pleno en substitución do vicesecretario accidental, dona Ana María Rivas García, e o interventor xeral municipal, don Luis Ramón Vázquez Parga, os cales foron convocados para o efecto. Adóptanse conforme aos termos da orde do día os seguintes acordos:

- Acórdase a aprobación das actas das Xuntas de Goberno Local ordinarias do 4, 11, 18, 25 de xuño, 2 de xullo e a extraordinaria e urxente do 19 de xuño de 2025

ÁREA DE GOBERNO DE XESTIÓN INTEGRAL DE RECURSOS INTERNOS, URBANISMO E DEPORTES E XUVENTUDE

1. CONTRATACIÓN E PATRIMONIO.- Acórdase a aprobación dos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares, así como do gasto e a adxudicación por procedemento aberto e regulación harmonizada na contratación do Servizo de Xestión, Mediación Cultural e Atención ao Público no Centro Sociocultural o Vello Cárcere (OVC) e a apertura do procedemento de contratación. Exp. ref. 2025/C003/000041.

Tamén se acorda a aprobación do proxecto de obra e do prego de cláusulas administrativas, así como do gasto e a adxudicación por procedemento aberto simplificado na contratación das obras de "Pavimentación da mediana na rúa da Industria" e a apertura do procedemento de adxudicación. Exp. ref. 2025-C002-000016.

Así mesmo, acórdase a adxudicación na contratación do servizo de elaboración e distribución de almuerzo e comida, así como atención e apoio durante o dito servizo, levados a cabo pola concellería de educación nos CEIPS de Lugo. Exp. ref.: 2025/C003/000021.

2. PERSOAL.- Acórdase a prórroga da comisión de servizos do xefe do servizo de licenzas.

Acórdase adiar a rectificación do acordo 11/63 bases específicas para o acceso en propiedade de 1 praza de técnico/a especialista TIC pertencente ao

ACTAS E GOBERNO

JDR/cvr

Refª: ispac3395080888195259168.doc

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 16-7-2025

cadro de persoal funcionario do Excmo. Concello de Lugo en quenda de acceso libre (OPE 2024), adoptado pola Xunta de Goberno Local o 12 de febreiro de 2025, para resolver dúbidas relacionadas con cales son exactamente os títulos habilitantes para o posto de traballo.

Asinado dixitalmente polo tenente de alcalde delegado da Área de Goberno de Mobilidade e Infraestruturas Urbanas e concelleiro secretario da Xunta de Goberno Local, don Rubén Arroxo Fernández.